

MATRONA, A CATEGORÍA OLVIDADA NA ATENCIÓN PRIMARIA

Coa Produtividade Variable non chega, esiximos a inmediata negociación do réxime xurídico e do sistema retributivo de **Matronas de Atención Primaria**

No ano 1993 publicouse o Decreto, do 29 de xullo, de Ordenación da Atención primaria en Galiza, que regula as retribucións de todo o persoal de Atención Primaria, **EXCEPTO as Matronas**. Recolle na disposición transitoria cuarta que “O consello da Xunta de Galiza regulará o réxime xurídico e retributivo das prazas de enfermeira obstétrico-xinecolóxicas”.

CASE 30 ANOS DESPOIS a Consellaría de Sanidade non tivo tempo de presentar ningunha proposta de réxime xurídico e retributivo para este colectivo.

Por que será?

Será por que todo o relacionado coa saúde da muller ocupa un papel secundario?

QUE CONLEVA ESTA SITUACIÓN?

Un sistema retributivo baseado nun **mapa sanitario do ano 1989** que non recolle a poboación actual dos concellos.

Un sistema retributivo que condena ás matronas a **perdas retributivas** de mais de 100€ mensuais cando cambian de concello, aínda que teñan máis tarxetas sanitarias.

Un sistema retributivo que **non reconece os conceptos que se pagan a outros colectivos**: produtividade variable, número de tarxetas sanitarias, dispersión, illamento... A prestación de servizo en diferentes concellos con importante distancia entre si.

Un sistema retributivo inxusto, que **non reconece a carteira de servizo actual** que realizan, é dicir as prestacións sanitarias que prestan.

Unha **disfuncionalidade entre a prestación de servizo e as retribucións**, xa que a poboación dos concellos mudou moito dende o ano 1989, e que se agrava ao non ter desenvolvido o pago de TIS.

Que **non teñen un ratio** de mulleres a atender por Matrona.

Agora o SERGAS leva á Mesa Sectorial do 13 de maio incorporar o pago da produtividade variable para as Matronas, pero esquece todo o resto do sistema retributivo das Matronas de Atención Primaria.

COA PRODUTIVIDADE VARIABLE NON CHEGA, A CONSELLARÍA DE SANIDADE ten obriga de rematar con estes 29 anos de penalización.

